

Estimado no Señor:

Despois de ter sido aprobada a reforma do edificio da Curia nos organismos diocesanos pertinentes, e tendo manifestado todos eles o seu parecer favorable,

COMUNICO

que **a partir do luns 3 de abril, os servizos da Curia diocesana trasladaranse ao Seminario Maior (Avda. Madrid, Vigo)**, en concreto ás dependencias da “aula magna” e das aulas do corredor que comunica coa mesma. O acceso a estes lugares será pola porta exterior da “aula magna”, que dá ao bosque do Seminario, onde se pode dispor de aparcamento (ver mapa).

A Vigairía Xudicial trasladarase aos locais diocesanos sitos en García Barbón, 29, fronte á igrexa de Santiago o Maior.

A duración das obras prevese entre catro ou cinco meses. Unha vez concluídas comunicarase a data de funcionamento da Curia nos novos locais.

Convén que comuniquedes este cambio temporal da Curia a todas aquelas persoas que consideredes oportuno.

En Vigo, a 8 de marzo de 2017.

Juan Luis Martínez Lorenzo,
Vigairo Xeral.